

University Educators for Sustainable Development (UE4SD)-Nota de prensa

Unha nova publicación selecciona boas prácticas de desenvolvemento profesional en educación para a sustentabilidade para os educadores universitarios

23 Novembro de 2015 no Centro Cultural “La Corrala”

Universidade Autónoma de Madrid, Madrid, España

O documento Leading Practice Publication (LPP) do proxecto University Educators for Sustainable Development (UE4SD) foi presentado o pasado 23 de novembro de 2015, durante a reunión anual do devandito proxecto celebrada no Centro Cultural “LaCorrala” da Universidade Autónoma de Madrid. A publicación é o resultado da segunda fase do proxecto, adicada ao desenvolvemento de recursos e recolle a experiencia de 53 socios de 33 países activos na área da educación para o desenvolvemento sustentable (EDS) nas institucións europeas de educación superior. Despois do recoñecemento do estado da EDS nas universidades dos países implicados no proxecto, con especial énfase nas competencias en EDS da UNECE, esta publicación proporciona un resumo de 13 exemplos seleccionados de boas prácticas sobre oportunidades de desenvolvemento profesional para os educadores universitarios na área da EDS. Révisanse tamén opcións sobre como implementar EDS en programas de desenvolvemento profesional nas universidades europeas. Por exemplo, proporciona información sobre distintas vías para que se poida desenvolver un desenvolvemento profesional relevante en EDS e sobre que é necesario realizar para alcanzar esta transformación a nivel institucional.

A LPP introduce o concepto de desenvolvemento profesional dos educadores universitarios na área da EDS, describindo aproximacións metodolóxicas claves, identificando procesos e ferramentas e presentando os mellores exemplos das catro rexións europeas do proxecto -Norte, Sur, Leste e Oeste- documentando o progreso xa alcanzando. Na sección de “leccións aprendidas”, a publicación recolle algúns principios e vías xerais para avanzar neste ámbito. A publicación conclúe coas mensaxes craves e as recomendacións para o desenvolvemento da EDS no marco do desenvolvemento profesional dos educadores universitarios.

O resumo das 13 boas prácticas de 10 países europeos mostra que xa existen algunhas oportunidades excelentes para que o persoal universitario desenvolva competencias en EDS. Estas experiencias serven como modelo para o desenvolvemento de novas iniciativas en diferentes contextos culturais de toda Europa. Estas novas iniciativas son necesarias pola falta de oportunidades de desenvolvemento profesional en EDS para a maioría do persoal universitario. En termos de implementación, as redes existentes mostran ser un bo factor de soporte para o desenvolvemento de iniciativas de éxito sobre desenvolvemento profesional con distintos niveis de compromiso: dende grandes consorcios internacionais a relativamente pequenas redes institucións ou comunidades de aprendizaxe.

A publicación está dirixida a todos os implicados en ESD e desenvolvemento profesional, particularmente a nivel universitario. É, así, relevante para calquera persoa que ensine, apoie a aprendizaxe ou traballe no desenvolvemento do persoal universitario. Poden usala especialmente os representantes institucionais e das políticas sobre o sistema universitario, por exemplo, ministerios encargados da educación superior e da educación para o desenvolvemento sustentable e as súas oficinas administrativas, responsables das políticas europeas, axencias de financiamento, axencias de avaliación da calidade universitaria, organizacións internacionais para incluír principios de EDS nos

mecanismos e criterios de avaliación da calidade universitaria. Tamén é relevante para aqueles que formen parte de comunidades relacionadas cos sistemas de educación superior, como ONGs, colexios profesionais, asociacións de profesores, empresas, formadores e mentores profesionais. Os usos esperados para este recurso inclúen os seguintes: procesos de toma de decisións a diferentes niveis da política universitaria, utilizando esa publicación como un marco para a reflexión e a avaliación do propio traballo dos educadores e asistencia aos equipos de desenvolvemento profesional nas universidades como fonte de experiencia e inspiración.

O desenvolvemento desta publicación como produto do proxecto UE4SD foi financiado pola Comisión Europea por medio do Programa Lifelong Learning. A publicación está dispoñible na seguinte ligazón: <http://www.ue4sd.eu/outcomes/111-leading-practice-publication-launched-at-the-ue4sd-annual-conference-in-madrid>

Para máis información sobre a Leading Practice Publication, contactar con Work Package Leads Dr. Jana Dlouhá ou Dr. Dana Kapitulčinová da Charles University en Praga: jana.dlouha@czp.cuni.cz and dana.kapitulcinova@czp.cuni.cz.

Pode obterer máis información sobre o proxecto UE4SD contactando co Project Lead Prof. Daniella Tilbury na University of Gibraltar, daniella.tilbury@unigib.edu.gi, o co Project Coordinator na University of Gloucestershire ue4sd@glos.ac.uk ou na páxina web do proxecto: <http://www.ue4sd.eu>

.